



EXCMA. DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE LUGO

SERVIZO DE CONTRATACIÓN E FOMENTO. UNIDADE DE OBRAS E PLANS

Anuncio

APERTURA DE PRAZO PARA A RECEPCIÓN DE DOCUMENTACION NO PROCEDEMENTO ABERTO, TRAMITACIÓN URXENTE, DAS OBRAS QUE SE INDICAN E DE ACORDO COAS CARACTERÍSTICAS QUE SE SINALAN:

TITULO DA OBRA	PRESUPOSTO LICITACION	PRAZO EXECUCION	CLASIFICACION ESIXIDA
LUGO.- ADECUACIÓN DOS PAVILLÓNS 1 E 2 DO FOGAR DE SANTA MARÍA PARA USO ADMINISTRATIVO. (EX013OB17AB)	1.536.920,00 € IVE 322.753,20 €	10 meses (40 semanas)	GRUPO C; SUBGRUPO 4; CATEGORÍA 4

CARACTERÍSTICAS:

1º. - ENTIDADE ADXUDICADORA

- Organismo: Excma. Deputación Provincial de Lugo.
- Dependencia que tramita o expediente: Servizo de Contratación e Fomento.
- Domicilio: C/ San Marcos 8., C.P. 27001 Lugo
- Dirección onde se pode consultar os pregos de cláusulas administrativas e de prescricións técnicas: na páxina web da Plataforma de Contratación do Sector público, (<https://contrataciondelestado.es>), á que tamén se accede dende a páxina web da Deputación de Lugo (<https://www.deputacionlugo.org> - perfil do contratante).

2º. - DESCRIPCION DO CONTRATO

- Tipo de contrato: Obras.
- Obxecto: A execución das obras sinaladas ao comezo do anuncio.
- Prazo de execución: O sinalado ao comezo do anuncio

3º. - TRAMITACION, PROCEDEMENTO E FORMA DE ADXUDICACION

- Tramitación: Urxente
- Procedemento: Aberto

4º. - VALOR ESTIMADO DO CONTRATO

O que se sinala no comezo do anuncio

5º. - GARANTIAS

- Provisional: Non se esixe.
- Definitiva: O 5% sobre o importe de adxudicación, de cada lote, sen IVE.

6º. - REQUISITOS ESPECIFICOS DO CONTRATISTA

- Clasificación: a indicada no encabezado
- Acreditación solvencia económica e financeira, ben a través da acreditación dunha clasificación axeitada ao obxecto do contrato, ou a través dos criterios, requisitos mínimos e medios de acreditación establecidos no RD 773/2015 de 28 de agosto, polo que se modifica o artigo 11 do Regulamento xeral da LCAP. (Prego de Cláusulas Administrativas Particulares, cláusula 4.2)
- Outros requisitos: Ver Prego de Cláusulas Administrativas Particulares e de Prescricións Técnicas.

7º. - PRESENTACION DE OFERTAS

- a) Data límite de presentación: 13 días naturais contados dende o seguinte a publicación do presente anuncio no B.O.P.
- b) Documentación a presentar: A sinalada no Prego de Cláusulas Administrativas Particulares e de prescricións técnicas.
- c) Lugar de presentación: A presentación poderá realizarse persoalmente no rexistro da Deputación, ou ben mediante envío por mensaxería ou ben en calquera das dependencias administrativas recollidas no artigo 16.4 da Lei 39/2015 de 1 de outubro do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas dentro do prazo sinalado.
No caso de envío por correo ou entrega en calquera das dependencias recollidas no artigo 16.4 da Lei 39/2015 de 1 de outubro do Procedemento Administrativo, o interesado deberá acreditar, co resgardo correspondente, a data de imposición do envío e comunicar no mesmo día ao órgano de contratación, por fax (982 180004), télex ou telegrama, a remisión da proposición. Sen a concurrencia de ambos os dous requisitos non será admitida a proposición no caso que fose recibida fora do prazo fixado no anuncio de licitación. (ver punto 1º)
- d) Admisión de variantes: NON
- e) Idioma: Castelán e Galego

8º. - CRITERIOS DE ADXUDICACION E PUNTUACION (VER DETALLES NO PREGO DE CAP)

CRITERIOS	PONDERACIÓN
1) Prezo	80
2) Ampliación de garantía contractual (en meses)	8
3) Redución de prazo de execución (en semanas)	7
4) Plan de comunicación	5

9º. - APERTURA DE OFERTAS

- a) Dirección: Deputación Provincial de Lugo. Rúa San Marcos 8.
- b) Localidade e código postal: Lugo, 27001.
- c) Data: publicarase a convocatoria na Plataforma de Contratación do sector público.

10º. - GASTOS DE ANUNCIOS.

Correrán por conta dos adxudicatarios.

11º.- OBTENCION DE DOCUMENTACION E INFORMACION

- a) Entidade e domicilio: Ver punto 1º.
- b) Plataforma de contratación do sector público
- c) Teléfono: 982-260080 - 24
- d) Fax: 982-26180004

Lugo, 21 de Agosto de 2017. O PRESIDENTE, P.D. Decreto nº 2605, de data 18-8-2017, A DEPUTADA PROVINCIAL, Mª del Pilar García Porto. O SECRETARIO, Cristobal Víctor Fraga Bermejo

O PRESIDENTE, P.D. Decreto nº 2605/ 2017, de data 18-08-2017.- O DEPUTADO PROVINCIAL, Mª del Pilar García Porto

R. 2465

*Anuncio***INFORMACION PUBLICA**

Polo órgano competente desta Deputación foron tomados en consideración os proxectos das obras:

LUGO.- ADECUACIÓN DOS PAVILLÓNS 1 E 2 DO FOGAR DE SANTA MARÍA PARA USO ADMINISTRATIVO. (EX013OB17AB)

En cumprimento do que se dispón no art. 93 do T.R.R.L aprobado por R.D.L. 781/86, ábrese un período de información pública para os efectos de alegacións, reclamacións ou suxestións por parte de persoas ou entidades lexitimadas, por espazo de 15 días hábiles contados a partir do seguinte á publicación deste edicto.

Lugo, 21 de Agosto de 2017. O PRESIDENTE, P.D. Decreto nº 2605, de data 18-8-2017, A DEPUTADA PROVINCIAL, Mª del Pilar García Porto. O SECRETARIO, Cristobal Víctor Fraga Bermejo

O PRESIDENTE, P.D. Decreto nº 2605/ 2017, de data 18-08-2017.- O DEPUTADO PROVINCIAL, Mª del Pilar García Porto

R. 2466

FOLGOSO DO COUREL

Anuncio

Formulada e rendida a Conta Xeral do Orzamento desta Entidade correspondente ao exercicio 2016, expone ao público polo prazo de quince días, xunto cos seus xustificantes e o informe emitido pola Comisión Especial de Contas o día 18 de agosto de 2017. Durante este prazo, e oito días máis, os interesados poderán presentar reclamacións, reparos ou observacións, que serán examinadas por esta Comisión, que practicará cantas comprobacións estime necesarias, emitindo novo informe antes de sometelas á consideración do Pleno do Concello para que poidan ser examinadas e, no seu caso, aprobadas de conformidade co disposto no artigo 212.4 do Real Decreto Legislativo 2/2004, de 5 de marzo polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais.

Folgoso do Courel. 21 de agosto de 2017.- A Alcaldesa, Dolores Castro Ochoa

R. 2469

FOZ

Anuncio

O Concello de Foz formula proceso de selección para contratación laboral temporal (9 meses), a xornada parcial, dos seguintes postos de traballo:

- 1 praza de profesor de saxofón, por 18 horas á semana.
- 1 praza de profesor de percusión, por 14 horas á semana.
- 1 praza de profesor de piano, 28 horas á semana.
- 1 praza de profesor de vento-metal, por 14 horas á semana.
- 1 praza de profesor de clarinete, 14 horas á semana.
- 1 praza de profesor de violín, 7 horas á semana.

Titulación requirida: título de grado medio ou equivalente na especialidade á que se opte.

Prazo de presentación de instancias: 5 días naturais, a contar desde o día seguinte á publicación deste anuncio no diario. Se o último día do prazo é inhábil, trasladarase ó primeiro día hábil seguinte.

Duración do contrato: dende o mes de outubro de 2017 ao mes de xuño de 2018.

Bases do proceso de selección: poden descargarse na sede electrónica do Concello de Foz: <http://concellodefz.sedelectronica.es>

Foz, 14 de agosto de 2017- O ALCALDE, JAVIER JORGE CASTIÑEIRA

R. 2448

MURAS

Anuncio

Formulada e rendida a conta xeral do orzamento desta entidade correspondente ao exercicio 2016, sométese a información pública, xunto cos seus xustificantes e o informe da Comisión especial de Contas, durante quince días contados a partir da publicación deste anuncio no Boletín Oficial da Provincia.

Neste prazo e oito días máis, os interesados poderán presentar reclamacións, reparos ou observacións, as cales serán examinadas pola devandita Comisión que practicará cantas comprobacións estime necesarias, emitindo novo informe, antes de sometela ao Pleno da Corporación, para que poida examinalas e, no seu caso, aprobalas, de conformidade co disposto nos artigos 212. 2 e 3 do Texto Refundido da lei Reguladora das Facendas Locais.

Muras, 10 de agosto de 2017.- O ALCALDE, Manuel Requeijo Arnejo

R. 2451

Anuncio

MANUEL REQUEIJO ARNEJO, ALCALDE-PRESIDENTE DO CONCELLO DE MURAS (LUGO)

Visto que corresponde aos tenentes de alcalde, en canto tales, substituír na totalidade das súas funcións e pola orde do seu nomeamento, ao alcalde, nos casos de ausencia, enfermidade ou impedimento que imposibilite a este para o exercicio das súas atribucións, así como desempeñar as funcións do alcalde nos supostos de vacante na Alcaldía ata que tome posesión o novo alcalde.

Visto que durante os días 16 a 30 de agosto de 2017 ambos inclusivos, o Sr. alcalde atoparase ausente do municipio.

Por todo iso, en virtude do disposto nos artigos 23.3 da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local, e de acordo cos artigos 44 e 47 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, aprobado por Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro,

RESOLVO:

PRIMEIRO.–Delegar en dona Belén Chao Ramil, primeira tenente de alcalde, a totalidade das funcións da Alcaldía, nos termos do artigo 23.3 Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local, durante o período do 16 ao 30 de agosto, ambos inclusivos.

SEGUNDO.–A delegación comprende as facultades de dirección e de xestión, así como a de resolver os procedementos administrativos oportunos mediante a adopción de actos administrativos que afecten a terceiros.

TERCEIRO.–O órgano delegado ha de informar a esta Alcaldía, a posteriori, e, en todo caso, cando se lle requira para iso, da xestión realizada e das disposicións ditadas no período de referencia, e con carácter previo daquelas decisións de transcendencia, tal e como se prevé na o artigo 115 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, aprobado por Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro.

CUARTO.–A delegación conferida no presente Decreto requirirá para a súa eficacia a aceptación do órgano delegado, entendéndose esta outorgada tácitamente si non se formula ante esta Alcaldía expresa manifestación de non aceptación da delegación no termo de tres días hábiles contados desde o seguinte a aquel en que lle sexa notificada esta resolución.

QUINTO.–A presente resolución será publicada no Boletín Oficial da Provincia de Lugo..

SEXTO.–No non previsto expresamente nesta resolución aplicaranse directamente as previsións da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local, e do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais aprobado por Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro, en canto ás regras que para a delegación se establecen en devanditas normas.

SEPTIMO.– Contra este Decreto, que pon fin á vía administrativa, de conformidade co que establece o artigo 52 da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local, e de acordo co que dispón o artigo 123 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, poderá interperse, con carácter previo e potestativo, Recurso de Reposición ante a Alcaldía deste Concello, no termo dun mes a contar desde o día seguinte á recepción da súa notificación, ou ben directamente recurso contencioso-administrativo ante o Xulgado do Contencioso-Administrativo de Santiago de Compostela, no termo de dous meses, a contar desde o día seguinte á recepción da súa notificación. No entanto, poderá interpor calquera outro, si considerao conveniente.

OITAVO.– Dar conta ao Pleno da Corporación na seguinte sesión que se celebre en cumprimento do establecido no artigo 42 do Real decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais.

En Muras, asinado dixitalmente na data que figura na marxe, polo Sr. Alcalde D. Manuel Requeijo Arnejo, do que eu, D^a Silvia Lamelas Soto, dou fe. (Asinado aos efectos do artigo 2 do RD 1174/1987)

R. 2452

PANTÓN

Anuncio

Por Decreto de Alcaldía Nº140/2017 de 9 de agosto apróbanse as Bases do proceso selectivo e convocatoria para a contratación de catro peóns durante catro meses, como persoal laboral temporal a xornada completa, en base o Convenio de Colaboración asinado coa Deputación Provincial de Lugo e o Concello de Pantón para a execución de obras, servizos e emprego ao abeiro do programa DEPUEMPREGO.:

- Catro Peóns.

Prazo de presentación de instancias: cinco días hábiles a contar dende o día seguinte a publicación deste anuncio (de 9:00 a 14:00 horas, no Rexistro xeral do concello), tamén poderán remitirse na forma determinada no artigo 16.4 da Lei 39/2015 segundo o establecido na base sétima.

Bases dos procesos de selección: publicadas na páxina web do concello www.concellodepanton.es e no Taboleiro de Edictos da Casa do concello.

Pantón, 10 de agosto de 2017.- O Alcalde, José Luis Álvarez Blanco

R. 2453

RIBEIRA DE PIQUÍN

Anuncio

A Xunta de Goberno Local, na sesión extraordinaria celebrada o día 27 de xullo de 2017 prestou aprobación inicial do **PADRON POR SUMINISTRO DE AGUA A DOMICILIO ASÍ COMO AS TAXAS CORRESPONDENTES Ó CANON DA AUGA E RECOLLIDA DE LIXO DO 2º TRIMESTRE DE 2017.**

O dito Padrón expónse ó público nas oficinas municipais por prazo de quince días, contados a partir da publicación do presente edicto no Boletín Oficial da Provincia, a efectos de exame e reclamacións, e entenderase definitivamente aprobado de non presentarse reclamación algunha contra el.

ANUNCIO DE COBRANZA.

Fixanse os períodos de cobranza en voluntaria dende o día 1 de setembro ó día 31 de outubro de 2017, ámbolos dous inclusive, vencidos ditos prazos, pasarase o seu cobro pola vía de constrinximento, cos recargos previstos no artigo 28 da Lei 58/2003, de 17 de decembro, Xeral Tributaria, a través do Servizo Provincial de Recadación da Excm. Deputación Provincial de Lugo.

Os contribuíntes que teñan domiciliados os recibos, estes seranlles cargados nas contas bancarias respectivas, no correspondente período voluntario, data na que deberán ter saldo suficiente.

O resto dos contribuíntes deberán acudir á oficina de **ABANCA ou BANCO PASTOR**, en días laborais, de luns a venres, de 8:30 a 14:00 horas presentando o documento de ingreso que, a tal efecto, se facilitará nas Oficinas do Concello.

O presente anuncio, nos dous supostos, de edicto de exposición ao público do Padrón e anuncio de cobranza, ten a natureza de notificación colectiva de acordo co establecido no artigo 102.3 da Lei Xeral Tributaria.

CANON DA AUGA: A falta de pago no período voluntario sinalado suporá a esixencia do canon da auga directamente ao contribuínte pola vía de constrinximento pola Consellería competente en materia de Facenda da Xunta de Galicia e, así mesmo, a repercusión do canon da auga poderá ser obxecto de reclamación económico-administrativa ante o órgano económico-administrativo da Comunidade Autónoma de Galicia, no prazo dun mes dende que se entenda producida a notificación. Do mesmo xeito, ditas obrigas deben entenderse tamén referidas ao coeficiente de vertedura en virtude do establecido no artigo 71 do Decreto 136/2012.

En Ribeira de Piquín, a 8 de agosto de 2017.- Alcalde-presidente, Roberto Fernández Rico,

R. 2454

O VALADOURO

Anuncio

Resolución de Alcaldía n.º 210 de data 21/08/2017 pola que se realiza unha corrección de erros do expediente 184/2017 para a contratación do servizo de recollida domiciliar selectiva de residuos e xestión do Punto Limpo do Concello do Valadouro nos Concellos do Valadouro e Alfoz.

Modifícase o expediente 184/2018 relativo á contratación do servizo de recollida domiciliar selectiva de residuos e xestión do Punto Limpo do Concello do Valadouro nos Concellos do Valadouro e Alfoz publicado orixinalmente no Boletín Oficial da Provincia de Lugo Núm. 181 de Martes 8 de agosto de 2017, por terse realizado corrección de erros no prego de prescricións técnicas. Dita modificación atopase recollida no perfil do contratante da Sede Electrónica do Concello do Valadouro (<http://valadouro.sedelectronica.es>).

Ábrese un novo prazo de recepción de ofertas de oito días hábiles desde a publicación do presente anuncio no Boletín Oficial da Provincia de Lugo.

O Valadouro, 21 de agosto de 2017. O Alcalde, Edmundo Maseda Maseda.

R. 2473

O VICEDO

Anuncio

EXPOSICIÓN Ó PÚBLICO

Por resolución da Alcaldía de 8 de agosto de 2017, prestouse aprobación inicial ao padrón correspondente ao mes de xuño de 2017 do prezo público pola prestación do servizo de axuda no fogar.

Consonte ao disposto no artigo 102.3 da Lei xeral tributaria, por medio do presente ponse en coñecemento dos contribuíntes obrigados ao pagamento do prezo público, que dispoñen dun prazo de quince días, contados a partir da publicación do presente anuncio no Boletín Oficial da Provincia de Lugo, ao obxecto de que poidan ser examinados e presentar as reclamacións que estimen pertinentes, entendéndose elevados a definitivos se, transcorrido o prazo de exposición pública, non se formulara ningunha reclamación.

Así mesmo, e de conformidade co artigo 253.1 da Lei xeral tributaria, poderán interpoñer recurso de reposición perante o Sr. Alcalde – Presidente, no prazo dun mes, que comezará a contar dende o día seguinte ao do remate do período voluntario de pagamento.

Contra a resolución expresa ou presunta do recurso de reposición que no seu caso se formule, poderá interpoñerse recurso contencioso-administrativo na forma e nos prazos que a tal efecto se establecen na Lei Reguladora da referida xurisdición.

Non obstante, poderán interpoñer calquera outro recurso que consideren oportuno.

ANUNCIO DE COBRANZA

De conformidade co disposto no artigos 24 e 25 do Regulamento xeral de recadación (R.D. 939/2005), do 29 de xullo, fíxase como prazo de ingreso, en período voluntario, dous meses a contar dende o día da súa publicación no Boletín. Para o cobramento dos mesmos, ós contribuíntes que teñan domiciliados os recibos, estes seranlles adebedados nas contas bancarias respectivas.

Para os demais contribuíntes, os recibos seranlles enviados ó enderezo declarado do suxeito pasivo por correo ordinario para que poidan efectuar o pagamento en calquera oficina das entidades bancarias radicadas no termo municipal do Vicedo.

Transcorrido o prazo de pagamento en período voluntario, iníciarase o período executivo que determina a esixencia dos xuros de demora e dos recargos do período executivo nos termos dos artigos 26 e 28 da Lei 58/2003, de 17 de decembro, xeral tributaria, e no seu caso das costas do procedemento de constrinximento; de acordo co establecido no artigo 161 de dita Lei, procederase á súa recadación pola vía administrativa de constrinximento, segundo o preceptuado no Regulamento xeral de recadación. O recargo será do 5 por 100 cando a débeda non ingresada en período voluntario se satisfaga na súa totalidade antes da notificación ao debedor da providencia de apremio, de acordo co previsto no artigo 28.2 da Lei 58/2003, xeral tributaria, para o que deberán acudir ás oficinas municipais para o selado dos correspondentes recibos.

A presente publicación, nos dous supostos, de edicto de exposición ao público dos padróns e anuncio de cobranza en fase voluntaria, ten o carácter de notificación colectiva, ao abeiro do establecido no artigo 102 da referida Lei xeral tributaria.

O Vicedo, 8 de agosto do 2017.- O Alcalde, José Jesús Novo Martínez

R. 2455
